

FESTA DOS NENOS/AS

Descrición da actividade: Unha tarde de diversión na que tódolos participantes poden desfrutar de diversas actividades como circuito de trikets, circuito de quads, toro mecánico, diversos hinchables, carpa Wii, esgrima, tiro con arco, obradoiros de abalorios e coiro, tobogán acuático, festa da espuma, e a actuación de Fredi entre outras actividades máis

Observacións: É necesario traer o bañador para as actividades acuáticas

Destinatarios/as: Nenos e nenas de tódalas idades do concello de Zas

Lugar onde se realiza: Campo de fútbol e piscina municipal de Zas

Horario: 15:30h a 20h

Data: 26 de xuño

Nº de prazas: Sen límite

Custo: De balde

INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA 1 e 2

Descrición da actividade: Esta é unha oportunidade para aqueles nenos e nenas que queiran profundizar na mecanografía e nos coñecementos de Windows, ofimática e internet. Cada participante disporá dun equipo informático, facilitando a aprendizaxe individualizada dos contidos do curso

Destinatarios/as: De 5 a 8 anos (grupo 1), e de 9 a 12 anos (Grupo 2)

Lugar onde se realiza: Centro Sociocultural de Zas

Horario: 10h a 12:00h, os mércores, xoves e venres

Datas: Do 30 de xuño ao 30 de xullo (grupo 1), e do 4 de agosto ao 3 de setembro (grupo 2)

Nº de prazas: 15 (grupo 1) e 15 (grupo 2), segundo orde de inscrición.

Custo: 15€

DIVERVERÁN

Descrición da actividade: Ofreceráse un espazo de lecer no que os nenos e nenas do Concello de Zas convivan desenvolvendo vínculos de amizade, aprendendo a disfrutar do seu tempo libre de verán dun xeito lúdico e educativo, por medio de obradoiros de xogos, experimentos, cociña, circo e pompas de xabón xigantes entre outras propostas.

Destinatarios/as: De 5 a 12 anos

Lugar onde se realiza: Zas (centro sociocultural), Baio (polideportivo), Pudeza (casa da escola) e Langueirón (casa da escola)

Horario: de 11h a 13h

Datas: 5,6,7 e 8 de xullo (Zas), 9 e 10 de xullo (Pudeza), 12,13,14 e 15 de xullo (Baio) e 16 e 17 de xullo (Langueirón)

Nº de prazas: 25 por localidade, segundo orde de inscrición

Custo: Gratuito

CURSO DE NATACIÓN

Descrición da actividade: Impartido por monitoraxe titulada

Destinatarios/as: Tódalas idades

Lugar onde se realiza: Piscinas Municipais de Zas e Baio

Horario: A concretar

Datas: Xullo e Agosto

Nº de prazas: Limitadas, por orde de inscrición

Observacións: A inscrición realízase no rexistro do Concello

EXPOSICIÓN II PREMIO DE ARTE GRÁFICO JESÚS NÚÑEZ

Lugar onde se realiza: Centro sociocultural de Zas

Horario: De 9:30h a 14h.

Datas: Do 9 ao 28 de xullo

CAMPAMENTO

Descrición da actividade: Pasaremos unha noite fóra da casa, aproveitando a convivencia con outros nenos e nenas do concello. Faremos xogos e actividades como escalada, tiroliña, paintbal, tiro con arco, piragüismo ó longo de dous días. Inclúense as comidas dos dous días e unha noite de aloxamento.

Destinatarios/as: De 7 a 14 anos

Lugar onde se realiza: Naturmaz

Datas: 19 e 20 de xullo

Nº de prazas: 25, segundo orde de inscrición

Custo: 20€

EXCURSIÓN AQUAPARK DE CERCEDA

Descrición da actividade: Unha xornada na que os pequenos/as e mozos/as pasarán unha xornada no Aquapark de Cerceda, desfrutando de diversas piscinas, atraccións e tobogáns acuáticos

Destinatarios/as: De 8 a 16 anos

Lugar onde se realiza: Aquapark en Cerceda

Horario: Todo o día

Data: 28 de xullo

Nº de prazas: 100, segundo orde de inscrición

Custo: 3€

SEMANA CULTURAL

Descrición da actividade: Teatro, música, obradoiros, exposicións, artesanía,...

Datas: Do 30 de xullo ao 7 de agosto

CURSO DE TENIS

Descrición da actividade: Impartido pola Federación Galega de Tenis

Destinatarios/as: Maiores de 8 anos

Lugar onde se realiza: Pista polideportiva de Zas

Horario: De tarde, por concretar

Datas: Agosto

Nº de prazas: Limitadas, segundo orde de inscrición

Custo: Pago da licenza federativa

IV TROFEO "MACHIÑO" DE TENIS

Destinatarios/as: De 14 a 18 anos

Datas: Agosto

XXIII TROFEO DE FÚTBOL CONCELLO DE ZAS

Datas: Agosto

ZASTRASNADAS. ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

Descrición da actividade: Levaranse a cabo roteiros interpretativos polo pobo, xogos e mesmo se converterán en trasnos para deseñar as súas propias zastrasnadas. Estas actividades realizaranse dende unha perspectiva respectuosa co medioambiente, traballando sempre con valores que potencien a educación ambiental

Destinatarios/as: De 5 a 12 anos

Lugar onde se realiza: Zas (centro sociocultural), Baio (polideportivo), Pudeza (casa da escola) e Langueirón (casa da escola)

Horario: 11h a 13h

Datas: 9 e 10 de agosto (Baio), 11 de agosto (Langueirón), 16e 17 de agosto (Zas) e 18 de agosto (Pudeza)

Nº de prazas: 25 por localidade, segundo orde de inscrición.

Custo: Gratuito

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:

DATOS DO/A PARTICIPANTE:

Apellidos Nome

DNI E-Mail

Enderezo Familiar

Tfno. Fixo Tfno. Móbil

Data nacemento Idade

No caso de urxencia, avisar a D/Dª Tfno.....

DATOS MÉDICOS

Padece algún tipo de enfermidade ou trastorno da saúde que mereza especial coidado ou atención? SI NON

En caso afirmativo, indique os cuidados a ter en conta (tomar algunha medicación, alerxia a algún alimento,...)

ACTIVIDADE/S NAS QUE SE INSCRIBE (sinalar cun X)

INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA 1 30 de xuño ao 30 de xullo

INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA 2 4 de agosto ao 3 de setembro

DIVERVERÁN

Zas. 5, 6, 7 e 8 de xullo Pudeza. 9 e 10 de xullo

Baio. 12, 13, 14 e 15 de xullo Langueirón. 16 e 17 de xullo

CAMPAMENTO 19 e 20 de xullo

EXCURSIÓN AQUAPARK DE CERCEDA 28 de xullo

CURSO DE TENIS Agosto

TROFEO "MACHIÑO" DE TENIS Agosto

ZASTRASNADAS. ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

Baio. 9 e 10 de agosto Zas. 16 e 17 de agosto

Langueirón. 11 de agosto Pudeza. 18 de agosto

CURSO DE TIRO CON ARCO 14 e 21 de agosto

XORNADA DO DEPORTE DE AVENTURA 20 agosto

DÍA DA BICI 22 de agosto

FAINO TI NAS PARROQUIAS. MANUALIDADES

Meanos. 23 e 24 de agosto Muíño. 25 e 26 de agosto

Gándara. 30 e 31 de agosto

CAMIÑO DE SANTIAGO POR ETAPAS. Maiores de 14 anos

Etapa 1 (4 setembro) Etapa 3 (2 de outubro)

Etapa 2 (18 setembro) Etapa 4 (16 de outubro)

As 4 etapas

AUTORIZACIÓNS

(cubrir obrigatoriamente no caso de participantes menores de 18 anos)

D./D.^a.....

DNI:.....como pai, nai ou titor/a do/a solicitante, coñecendo e aceptando participar nas ACTIVIDADES DE VERÁN 2010 organizadas polo Concello de Zas,

Autorizo NON autorizo

ao Concello de Zas para a **captación de fotografías, gravación de imaxes e son**, rexistro e difusión daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza o/a participante antedito, ben a título individual ou formando parte dun grupo. As imaxes poderán difundirse a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como arquivarse para a súa utilización en campañas de promoción ou calquer tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Zas, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Autorizo NON autorizo

Ao/á participante a **desprazarse pola súa conta** ata o domicilio unha vez finalizada a actividade, eximindo de responsabilidade ao Concello de Zas, aos monitores/as e/ou á empresa que desenvolve as actividades no caso de accidente ou calquera outro problema acaecido no traxecto ao domicilio. En caso de non autorización entenderase que vai ser recollido/a polo seu pai/nai/titor, ou persoa na que delegue, previa solicitude á organización da actividade.

Asdo:

.....
(pai, nai ou titor/a do/a menor de 18 anos)

Zas, ade.....2010

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/ 1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Zas. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo no rexistro xeral do Concello.

CURSO DE TIRO CON ARCO

Destinatarios/as: Maiores de 8 anos
Lugar onde se realiza: Campo de fútbol de Zas
Horario: De 11h a 13:30h
Datas: 14 e 21 de agosto
Nº de prazos: Limitadas, segundo orde de inscrición
Custo: De balde

XORNADA DO DEPORTE DE AVENTURA

Descrición da actividade: Ao longo dunha xornada poderase desfrutar de diversos deportes de aventura, dirixidos/as por monitoraxe especializada
Destinatarios/as: Maiores de 14 anos
Lugar onde se realiza: Naturmaz
Horario: Todo o día
Datas: 20 de agosto
Nº de prazos: Limitadas, por orde de inscrición
Custo: 20€

DÍA DA BICI

Descrición da actividade: Realizarase un percorrido en bicicleta polo concello durante unha mañá rematando a actividade cun xantar de convivencia.
Destinatarios/as: Maiores de 6 anos
Lugar onde se realiza: Arredores do concello
Horario: Saída da praza do concello ás 10h.
Data: 22 de agosto
Nº de prazos: Sen límite, pero é obrigatorio realizar a inscrición
Custo: De balde

FAINO TI NAS PARROQUIAS

Descrición da actividade: Diversas actividades lúdicas e educativas que se realizarán cos nenos e nenas de parroquias que non participaron no Diververán nin no Zastrasnadas
Destinatarios/as: De 5 a 12 anos
Lugar onde se realiza: Meanos (casa da escola), Muíño (casa da escola) e Gándara (casa da escola)
Horario: 11h a 13h
Datas: 23 e 24 agosto (Meanos), 25 e 26 agosto (Muíño), 30 e 31 agosto (Gándara)
Nº de prazos: Limitadas por orde de inscrición
Custo: De balde

CAMIÑO DE SANTIAGO POR ETAPAS

Descrición da actividade: Durante catro días, en fin de semana faremos a pé o Camiño de Santiago dende Sarria. Cada día sairemos de Zas en autobús ata o inicio de cada unha das etapas, regresando no mesmo día. As etapas serán de 25-30km cada unha. A organización aportará as credenciais de peregrinos/as para que se poidan selar e solicitar a Compostela, posto que é obrigatorio facer como mínimo 100 kms a pé para acadala
Destinatarios/as: Maiores de 14 anos
Lugar onde se realiza: Pártese de Zas en tódalas etapas
Horario: Todo o día
Datas: 4 e 18 de setembro e 2 e 16 de outubro
Nº de prazos: Limitadas, por orde de inscrición
Custo: 5€ cada etapa. Si se realiza a inscrición nas 4 etapas, 15€



ACTIVIDADES DE VERÁN 2010 CONCELLO DE ZAS

Para participar será **obrigatorio entregar a solicitude** de inscrición deste folleto cuberta.

O **prazo de inscrición** de cada actividade finaliza dous días antes do inicio da mesma ou ata cubrir prazos.

As solicitudes atenderanse por rigorosa orde de chegada, tendo prioridade as persoas empadroadas no Concello de Zas

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

Centro sociocultural de Zas
Tfno.: 981.751.398
Horario: 9:30h a 14h de luns a venres